

Arquitectura contemporánea
Santiago de Compostela

» **Edita**
Incolsa - Turismo de Santiago
de Compostela

» **Selección de obras e textos**
Fernando Agrasar Quiroga

» **Fotografía**
Ramón Vaamonde (pp. 16, 19, 24, 28-
31, 41-43), Manuel G. Vicente
(pp. 33-35), Archivo de Turismo de
Santiago de Compostela

» **Diseño e maquetación**
DARDO


» **Imprime**
Agencia Gráfica

» **Depósito Legal**
C 6-2012

**Arquitectura
contemporánea**

Santiago
de Compostela





1

Auditorio de Galicia

Julio Cano Lasso

2

Igrexa de San Xoán

Joaquín Fernández Madrid

3

Facultade de Filoloxía

Alberto Noguerol, Pilar Díez

4

**Facultade de
Ciencias da Comunicación**

Álvaro Siza

CAMPUS NORTE

5

**Biblioteca Universitaria
Concepción Arenal**

Celestino García Braña

6

**Ampliación da Facultade de
Ciencias Políticas**

Rafael Baltar, José Antonio
Bartolomé, Carlos Almuíña

7

Institutos de Investigación

Manuel Gallego Jorreto

CAMPUS SUR

8

**Museo das
Peregrinacións e de Santiago**

Manuel Gallego Jorreto

9

**Pavillón Polideportivo
de San Clemente**

Josef Paul Kleihues

10

Escola Pública Raíña Fabiola

Giorgio Grassi

11

**Reordenación
da Avenida Xoán XXIII**

Albert Viaplana, Helio Piñón

12

Polideportivo Xoán XXIII

Albert Viaplana, Helio Piñón

13

Biblioteca Ánxel Casal

Andrés Perea

14

**Centro Galego
de Arte Contemporánea**

Álvaro Siza

15

**Parque de San Domingos de
Bonaval**

Álvaro Siza, Isabel Aguirre

CIDADE HISTÓRICA

16

Centro Sociocultural A Trisca

John Hejduk,
Antonio Sanmartín,
Elena Cánovas, Leonardo Rietti

17

PARQUE DE VISTA ALEGRE

17
A

**Escola de
Altos Estudos Musicais**

Antón García Abril

17
B

Sede da SGAE

Antón García Abril

17
C

Museo de Historia Natural

Luís Iglesias

César Portela

18

**Vivendas na Vacariza
do Carme de Abaixo**

Víctor López Coto

18
A

**Conxunto residencial
Rúa da Caramoniña**

Víctor López Coto

18
B

**Conxunto residencial
Ponte Sarela**

Víctor López Coto

CIDADE HISTÓRICA

19

Cidade da Cultura de Galicia

Peter Eisenman

20

Centro Sociocultural de Conxo

Alfonso Penela

21

Multiúsos Fontes do Sar

Xosé Manuel Casabella, Josep
María de Arenaza, Joaquín Pujol

22

**Palacio de Congresos
e Exposicións de Galicia**
Alberto Noguerol, Pilar Díez

23

**Complexo
IGAPE, SERGAS, IGAES**

Andrés Perea

24

**ORDENACIÓN DO
MONTE DO GOZO**

24
A

Cámping

Celestino García Braña

24
B

Zona residencial

José Antonio Franco

24
C

**Centro Europeo
de Peregrinación**

Iago Seara

24
D

Auditorio Monte do Gozo

Alfonso Penela

25

Consellería de Medio Ambiente
Alfredo Freixedo Alemparte

26

**Complexo Presidencial da
Xunta de Galicia**

Manuel Gallego Jorreto

COROA EXTERIOR

27

Parlamento de Galicia

Andrés Reboredo

28

**Sede da Dirección Xeral da
Policía Autonómica**

Joaquín Fernández Madrid,
Pedro R. Iglesias

29

**Escola Galega
de Administración Pública**

Carlos Majide

30

**Centro Parroquial
S. Antonio de Padua**

Iago Seara

ENSANCHE/FONTIÑAS

**Arquitectura
contemporánea**

Santiago
de Compostela



Introdución

O rico e ben coñecido patrimonio histórico que Santiago de Compostela ofrece aos seus visitantes incrementouse nas dúas últimas décadas cun sobranceiro conxunto de pezas de arquitectura contemporánea. Se Santiago se instalou na nosa memoria, incluso entre aqueles que aínda non percorreron as súas rúas, como o gran conxunto monumental que a UNESCO declarou Patrimonio Cultural da Humanidade en 1985, a importancia e o valor arquitectónico dun notable conxunto de edificios construídos nos últimos anos suman un novo aliciente para visitar a cidade: a arquitectura contemporánea.

Unha serie de felices circunstancias, como foron a capitalidade de Galicia, o aumento da matrícula universitaria, o des-

“A visita á arquitectura contemporánea da cidade de Santiago de Compostela é o que propoñemos nas seguintes páxinas, a cara máis nova e menos coñecida dunha cidade xeradora de arquitectura excepcional”

pegue demográfico da cidade e a súa formalización a través do Plan de ordenación urbana do ano 1989, converteron a Santiago no centro administrativo e simbólico de Galicia. As institucións radicadas en Santiago responderon a estes estímulos con diferentes encargos de arquitectura que se construíron na cidade nos últimos vinte anos, asinados

por algúns dos máis importantes protagonistas da arquitectura contemporánea.

As vellas pedras cargadas de historia dos monumentos composteláns ofrecen un singular escenario para a arquitectura moderna, que responde a este reto con obras en diálogo co pasado sen renunciar ao seu presente. A visita á arquitectura contemporánea da cidade de Santiago de Compostela é o que propoñemos nas seguintes páxinas, a cara máis nova e menos coñecida dunha cidade xeradora de arquitectura excepcional.

Auditorio de Galicia

Julio Cano Lasso
1986-1989

» **Situación:**

Avenida do Burgo das Nacións

» **Visitas:**

É posible acceder libremente ao vestíbulo e ao restaurante. A visita á sala de exposicións ou aos distintos auditorios está condicionada pola celebración de concertos.



En 1964 o arquitecto Julio Cano Lasso realizou el conxunto de pavillóns para albergue de peregrinos, con ocasión do Ano Santo. A obra, concibida como temporal, mantívose anos ofrecendo aloxamento a estudantes. Sobre a traza daquela obra, modesta e exemplar pola súa racionalidade e implantación, o mesmo autor construíu o Auditorio de Galicia. Este gran complexo, destinado a dotar a Santiago dun edificio capaz de albergar unha programación musical e expositiva de alto nivel, proxectouse cunha serie de severos volumes de pedra, co contrapunto de panos de vidro horizontais, con particións brancas e miúdas, que evocan a tradición das galerías.

O edificio do Auditorio amosa a súa vocación de construír a cidade ao respectar a praza existente para convertela nun grande escena-

rio urbano, porticado en dous dos seus lados, antesala exterior do edificio. Tras o sobrio pórtico elévase o volume prismático da sala principal do auditorio. Este volume cego e totalmente forrado por un muro de cantería de granito cego é o referente visual do edificio desde os diferentes lugares de Santiago desde os que é visible.

Un regato existente emprégase para crear unha gran lámina de auga na parte traseira do edificio, onde se deseñou, vinculado ao equipamento cultural, o *Parque da Música en Compostela*, ao que se abren xenerosos panos de cristal como a galería do restaurante, que queda voada sobre a auga, ofrecendo unha fermosa vista do parque e da cidade histórica como fondo.

Joaquín Fernández Madrid
1987-1988

- **Situación:**
Avenida de Castelao
- **Visitas:**
En horario de culto.



A igrexa de San Xoán concibiuse como un complexo parroquial, para dar servizo á populosa barriada de Vite. Situada fronte ás novas facultades do Campus Norte da Universidade compostelá, esta igrexa marca decididamente o seu carácter contemporáneo por medio dunha gran marquesiña de formigón, as súas cubertas lixeiramente curvadas e a presenza dunha alta torre-campario de remate metálico. Baixo a lousa de formigón da marquesiña, cunha forma aguda que delimita e organiza o espazo de acceso ao complexo, dispóñense os accesos aos diferentes espazos dedicados ao culto ou ás diversas dependencias parroquiais. A torre, cunha base que queda definida por dous muros de formigón, prolóngase en altura cunha estrutura metálica, alixeirándose visualmente a medida que aumenta a súa altura.

A organización interna do complexo é funcionalmente eficaz e proporciona diversas ocasións para que o deseño ofrezca interesantes efectos de entrada de luz natural. O espazo da igrexa sitúase no centro, flanqueado pola Capela do Santísimo e as diversas dependencias parroquiais. O salón de actos dispónse baixo a capela, con acceso directo desde o exterior.

Este edificio ten un ilustre veciño no edificio da Facultade de Ciencias da Comunicación, do arquitecto portugués Álvaro Siza. Os dous edificios, só separados pola Avenida Castelao, establecen un estreito diálogo a través dos panos brancos dos seus cerramentos e a suave curvatura das súas cubertas.



Alberto Noguerol e Pilar Díez
1988-1991

- › **Situación:**
Avenida de Castelao
- › **Visitas:**
En horario lectivo.



A Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela deseñouse observando escrupulosamente as determinacións do Plan Especial redactado para a implantación dos grandes equipamentos de uso universitario do Campus Norte. Esta normativa, ademais de fixar aliñamentos para a nova facultade, esixía que se puidese circular baixo o edificio a través do pórtico debuxado pola súa estrutura. Noguerol e Díez conciliaron o complexo programa do edificio coas normativas urbanísticas mediante unha formulación estrita e clara no seu proxecto: dous corpos lonxitudinais paralelos, un destinado a aulas e outro a despachos dos diferentes departamentos e, no medio, un volume singular que alberga os usos compartidos coma o vestíbulo, o salón de actos, o salón de graos e a biblioteca.

O despezoamento volumétrico do edificio en tres pezas, as dúas laterais, levantadas do chan por piares, como prismas de gran lonxitude e escaso grosor, e a peza central, máis baixa e ancha con cubertas curvadas, presenta unha formulación estrita e comprensible. Esta claridade



dispositiva enriquecese co modelado espacial do interior destes volumes e o coidado deseño de cada un dos elementos que os completan. Así, as fachadas vanse diferenciando, transformando os ocos de acordo coas orientacións e o uso dos espazos alumeados. Diversos elementos como as escaleiras de incendios ou os ocos que se abren ao espazo graduado da biblioteca, posúen un carácter case escultórico. A perfecta concordancia entre riqueza plástica e enfoque funcional rigoroso que caracteriza a arquitectura de Noguerol y Díez invitará ao visitante a facer un percorrido minucioso a través deste edificio.

Álvaro Siza Vieira
1993-1999

- › Situación:
Avenida de Castela
- › Visitas:
En horario lectivo.



Tras a construción do Centro Galego de Arte Contemporánea, o recoñecido arquitecto Álvaro Siza deseñou o seu segundo gran edificio en Santiago de Compostela coa Facultade de Ciencias da Comunicación. A excepcional implicación no deseño, habitual no mestre portugués, chegou ata as pezas de mobiliario, especialmente creadas para este edificio docente. Siza traballou contando coa total confianza dos responsables universitarios, conscientes de que, ademais dun equipamento docente, estaban xestionando a construción dunha obra arquitectónica contemporánea notable. Xa finalizada a obra e con ocasión dunha celebración universitaria, Siza asinou no libro de ouro da Universidade expresando o seu agradecemento pola oportunidade brindada pola institución, en concreto por “permitirme ser arquitecto”, como escribiu o arquitecto galardoado co premio Pritzker.

A Facultade de Ciencias da Comunicación está composta por un longo corpo axial, ao que se conectan, en perpendicular, unha serie de volumes como a biblioteca ou a aula magna. Esta organización ofrece unha riqueza espacial ambigua e poética, como é característico na obra de Siza. Resultan especialmente memorables a secuencia de entrada, baixo o volume da biblioteca, apoiada nunha única pata excéntrica, e a rampla interior, aberta ao atrio de distribución, pola que se accede ás diferentes aulas.

Ata o último detalle do equipamento do edificio está resolto polo arquitecto, desde os bancos das aulas ou as agarradoiras das portas ata o deseño dos elementos gráficos que indican o sexo ao que están destinados os aseos. Esta circunstancia converte un edificio docente nun notable exemplo de obra de arte total da arquitectura contemporánea.



Biblioteca Universitaria Concepción Arenal

Celestino García Braña
1997-2001

» Situación:

Os Feáns

» Visitas:

É posible acceder ao interior do edificio en horario lectivo.



A biblioteca Concepción Arenal ocupa unha parcela no Campus Sur, na proximidade do barrio dos Feáns. Fronte á traza orgánica das rúas próximas á área universitaria, o edificio mostra a súa vontade de introducir orde ao orientar as súas fachadas de acordo con liñas paralelas aos eixes ortogonais presentes na organización de todo o Campus. A biblioteca é un volume compacto, cunha forte presenza resaltada polo seu peche de pezas de lousa aparafusadas. No seu interior, unha serie de patios rectangulares, estreitos e longos, vanse abrindo en diferentes

alturas para introducir luz na súa base, que é a área na que se dispoñen as salas de lectura. Estes patios introducen interesantes relacións visuais no interior do gran prisma da biblioteca, xerando unha riqueza espacial.

A curiosa disposición das zonas de lectura, na base do edificio, situando todo o depósito de libros nas plantas superiores, obedece ao criterio de facer flexible o uso do edificio fronte a novas necesidades e futuros cambios. Este recurso funcional reduce a lonxitude dos percorridos e permite reordenacións técnicas sen que estas afecten aos usuarios.

A biblioteca deseñouse con criterios bioclimáticos, abrindo grandes ocos ao norte que proporcionan unha luz óptima para a lectura e reducen as ventás ao sur para evitar incrementar as necesidades de refrixeración.

Rafael Baltar, José Antonio Bartolomé, Carlos Almuíña
1998-1999

- › **Situación:**
Avenida Dr. Ángel Jorge Echeverri
- › **Visitas:**
É posible acceder ao interior do edificio en horario lectivo.



Baltar, Bartolomé e Almuíña desenvolveron, desde hai décadas, importantes edificios en Santiago, entre os que se contan intervencións restauradoras na Catedral, o edificio FENOSA, ou o complexo dos novos xulgados. Entre toda esta produción destaca unha obra recente: a ampliación para a Facultade de Ciencias Políticas. Trazada como un pavillón de volume independente e conectado coa antiga facultade, trátase dunha obra estrita e sobria, na que a precisión no deseño da súa envoltura e a total ausencia de trazos formais gratuítos son as súas virtudes máis destacadas.

O novo edificio contén diversas aulas, un salón de graos e unha aula magna. Este programa tan sinxelo resólvese cun prisma alongado,

colocado en dirección leste-oeste, quedando todas as aulas orientadas ao norte, alumeadas mediante amplos ocos, e os corredores ao sur, nos que se abren ocos estreitos e moi longos. A marcada horizontalidade da fachada sur queda interrompida no seu centro por un elemento vertical de formigón visto que contén as escaleiras e os elevadores.

A pel do edificio subliña o seu carácter abstracto e silencioso. Trátase dun acabado de chapa de aceiro lacado en gris escuro no que os ocos, que teñen unha carpintería da mesma cor e material, quedan ao ras no plano de acabado.

Manuel Gallego Jorreto
1996

- » **Situación:**
Avenida de Lope Gómez de Marzoa
- » **Visitas:**
Para visitar o interior de cada un dos edificios é necesario un permiso especial.



No proxecto dos catro edificios destinados a centros de investigación que a Universidade de Santiago encargou para o seu Campus Sur, soamente un deles tiña un destino perfectamente definido: albergaría a experimentación referida á cerámica e ao vidro. O seu autor, Manuel Gallego Jorreto, que recibiu o Premio Nacional de Arquitectura no ano 2000, concibiu para estes centros de investigación catro volumes prismáticos dispostos en ringleira. As catro pezas forman unha unidade coherente, subliñada pola continuidade dos zócolos, que absorben as diferentes inclinacións do terreo en que se sitúan os xardíns arborizados cara aos que se abren as zonas de estudo. Estas áreas de estudo orientadas cara o nacente fragmentan a súa fachada, totalmente de cristal, en tres planos que debuxan na planta unha liña cóncava. Esta disposición introduce unha clara direccionalidade que ordena e anima o conxunto. Existe toda unha serie de sutís diferenzas entre cada un dos catro volumes, ligadas ao seu uso ou posición, que enriquece a súa visión próxima. A visita a estes edificios debe completarse coa percepción desde a estrada Santiago-Noia, desde un vehículo, percepción na que as pezas re-



petidas se observan como unha secuencia que introduce orde e un límite adecuado ao Campus Sur.

As fachadas dos edificios de investigación están rematadas con grandes placas de granito gris con rañuras nalgúns zonas para resolver ventilacións. Os planos de cristal sitúanse xusto tras as delgadas placas de pedra. Esta envoltura pétrea achega, coa súa textura e cor uniformes, un carácter tecnolóxico que enriquece os significados arquitectónicos vinculados ao uso e condición contemporánea deste interesante conxunto edificado.

Manuel Gallego Jorreto
2004-2011

► **Situación:**
Praza das Praterías

► **Visitas:**
<http://www.mdperegrinacions.com/>



En plena posguerra, as autoridades franquistas promoveron a sede do Banco de España en Santiago de Compostela. Romualdo Madariaga foi o autor do proxecto, que se construíu entre 1940 e 1945. O seu emprazamento excepcional, na praza das Praterías, conforma un escenario urbano que, xunto con este edificio, debuxan a fachada barroca da Casa do Cabido, a portada do brazo sur da Catedral, elevada sobre unha escalinata, e a fachada renacentista que pecha lateralmente o seu claustro. Madariaga de Céspedes realizou unha interpretación mimética, a través dun severo neobarroco de volume compacto, coa planta baixa porticada no seu fronte á praza. O emprego de cantería de granito dun ton similar ao dos edificios históricos e un repertorio decorativo con formas do barroco local, contribuíron a esta intención de diluír a presenza do século XX en Praterías.

O proxecto para transformar a antiga sede bancaria no novo Museo da Cidade e das Peregrinacións, deseñado por Manuel Gallego Jorreto, atopou fortes condicionantes, entre eles o de preservar a fachada. A oportunidade e o reto arquitectónico que suporía o deseño dunha peza contemporánea nun contorno monumental de tal valor xerou un intenso debate cidadán e arquitectónico. O propio arquitecto

responsable do proxecto ofreceu un argumento de peso para manter a presenza do edificio de Madariaga, ao referirse á memoria colectiva dos composteláns, que ao longo de máis de seis décadas, converteu en parte fundamental da paisaxe urbana unha arquitectura cuxo valor non se pode comparar ao das pezas veciñas.

A aparición de restos arqueolóxicos na escavación dos sotos retrasou as obras e resolveuse coa creación dunha área expositiva que non estaba inicialmente prevista. Un gran plano de cristal e metal gris abre o pechado espazo interior cara á Conga e, sobre todo, un gran lucernario en cuberta e unha serie de baleiros interiores, permiten a relación visual desde o interior do edificio cunha dramática perspectiva da mole da torre catedralicia da Berenguela.



Pavillón polideportivo de San Clemente

Josef Paul Kleihues
1990-1993

- » **Situación:**
Avenida de Rodrigo de Padrón
- » **Visitas:**
É preciso solicitar permiso á dirección do centro.



O arquitecto alemán Josef Paul Kleihues, un dos protagonistas indiscutibles do florecemento arquitectónico de Berlín nos últimos anos. O plan urbanístico para a capital alemá de 1984 leva a súa sinatura, ao igual que o *Kantdreieck*, un dos edificios máis significativos desa cidade. Kleihues tamén é o autor do complexo compostelán de San Clemente. Este proxecto comprende un aparcadoiro público, unha serie de locais comerciais e un pavillón polideportivo, construído sobre a plataforma do aparcadoiro.

Os materiais empregados, a forma do edificio e a súa disposición cumpren a delicada tarefa de integrar, na proximidade da monumental praza do Obradoiro, arquitectura con-

temporánea e histórica. As fachadas curtas da planta rectangular do edificio son muros cegos de granito, máis altos cá cumieira da cuberta de cobre, moi levemente inclinada a dúas augas, mentres que as fachadas máis longas son totalmente de cristal con carpintería de aceiro e madeira pintada, ofrecendo o interior á vista sen reservas.

A plataforma sobre a que se dispón o pavillón é un miradoiro privilexiado das torres da catedral, no que o muro lateral do novo edificio constitúe un respaldo axeitado para a contemplación da vista, como os pesados muros das moles conventuais compostelás.



Giorgio Grassi
1992-1993

- › **Situación:**
Rúa de Entregaleras
- › **Visitas:**
É preciso solicitar permiso á dirección do centro.



A faceta de teórico da arquitectura impregna toda a obra do italiano Giorgio Grassi. A súa idea de que os principios da arquitectura son únicos e inmutables amósase en toda a súa obra e, claro está, tamén no seu conceptual proxecto para un colexio público compostelán. Construído nun horto-xardín, nunha beira da cidade histórica, o severo edificio amosa na súa simetría e regularidade os valores de intemporalidade que lle permiten aparecer

no centro do terreo como un volume sólido, sereno, sen formas sorprendentes. Como se sempre estivese alí.

Un dos principais elementos inspiradores deste edificio é o volume dunha antiga vila suburbana, próxima ao edificio, á beira do río Sarela. A capacidade das súas formas para dialogar coa paisaxe circundante evocaron a característica silueta das catro torres do colexio.

O colexio público Raíña Fabiola, en Santiago, xunto coa polémica intervención no teatro romano de Sagunto e a biblioteca universitaria de Valencia, son as tres únicas obras de Giorgio Grassi en España.



Reordenación da Avenida Xoán XXIII

Albert Viaplana, Helio Piñón
1991-1994

- » **Situación:**
Avenida de Xoán XXIII
- » **Visitas:**
Espazo público e de libre acceso.



O eixo da avenida de Xoán XXIII, aberto nos anos sesenta, converteuse no eixo de acceso fundamental ó mesmo corazón do núcleo histórico. A reordenación, encargada aos arquitectos Albert Viaplana e Helio Piñón, resolveu as esixencias funcionais do acceso de tráfico e as necesidades neste punto crítico de confluencia de visitantes. A actuación urbana remodelou un aparcadoiro existente obra de Julio Cano Lasso, e estableceu un diálogo interesante entre o novo e as pezas monumentais dos edificios conventuais de San Francisco e San Martiño Pinario, que constitúen o fondo en perspectiva da avenida.

Todo o complexo resólvese con planos graduados pavimentados en granito, desde a plataforma da avenida, que pregan os seus bordos para ofrecer asento e protección aos viandantes. O elemento que domina o conxunto é unha longa marquesiña de soportes de aceiro e cuberta de cristal, que protexe o percorrido dos peóns en dirección ao acceso ao centro histórico. Esta marquesiña apóiase en grosos soportes cónicos de aceiro no seu lateral cara ao tráfico e finos tubos, deste mesmo material, cara á paisaxe presidida polo monte Pedroso. No seu longo percorrido en dirección á mole pétrea de San Francisco vai diminuindo de al-



tura, acompañando o percorrido cara ao corazón da cidade histórica, xogando cos fondos da perspectiva e a percepción de distancias.

Pavillón polideportivo Xoán XXIII

Albert Viaplana, Helio Piñón
1991-1994

- › **Situación:**
Corredoira dos Cornos
- › **Visitas:**
Cómpre solicitar permiso á
dirección do centro.



O pequeno pavillón polideportivo construído na ladeira que descende desde a avenida de Xoán XXIII foi concibido como parte da reordenación desta importante vía de acceso ao Casco Histórico. Os autores deste conxunto urbano, os arquitectos cataláns Albert Viaplana e Helio Piñón, foron tamén os encargados do deseño do pavillón. Este equipamento deportivo dispúxose nunha forte pendente axardina coa intención de que o seu volume pasase desapercibido para os viandantes da avenida mentres contemplan a paisaxe do Monte Pedroso, verdadeiro protagonista da panorámica. Por esta razón o pavillón entérrase parcialmente no terreo cunha cuberta inclinada nun único plano que acompaña a ladeira no seu descenso. Esta cuberta prolóngase nunha grande aba, que crea un espazo cuberto de acceso que, coa súa baixa altura, resulta especialmente acolledor.

O percorrido desde a avenida de Xoán XXIII ata o interior do pavillón polideportivo forma parte necesaria da visita ao edificio. A través dun percorrido intencionalmente axardinado, obrigarásenos a arrodear o pequeno edificio vendo a súa fachada posterior cega que a penas sobresaí do terreo, xirar polo seu lateral, que resulta un claro esquema da súa sección, e percorrer o espazo por baixo da grande aba para penetrar no edificio a través da súa pel de cristal. Desde a parte superior das bancadas ofrécese todo o seu espazo interior alumeado cenitalmente por un lucernario con iluminación rasante sobre o muro do fondo. Baixo estas gradas dispónse todo o miúdo programa de vestiarios e almacéns, exemplarmente resolto.



Andrés Perea
2001-2007

» Situación:
Avenida de Xoán XXIII
» Visitas:
<http://rbgalicia.xunta.es/santiago/>



O Ministerio de Educación, Cultura y Deporte promoveu esta biblioteca pública estatal en Santiago de Compostela, para o que foi convocado un concurso público, en abril de 2001, no que resultou gañadora a proposta de Andrés Perea.

A nova biblioteca sitúase nun dos extremos da avenida Xoán XXIII, en contacto coa cidade histórica e coa inmediata veciñanza dos mosteiros de San Martiño Pinario e San Francisco. O edificio incrustase nunha ladeira cortándoa cun muro de contención de once metros de altura, sobre o que se eleva unha fachada traseira de trazado sinuoso para adaptarse ao complexo parcelario da zona. Este trazado irregular é utilizado para aloxar unha escaleira secundaria e un núcleo de servizos. Cara á avenida, que coincide coas vistas ao monte Pedroso, na mesma orientación que a fachada principal da catedral, o edificio amosa unha superficie enteiramente vidrada que revela a súa disposición interior, coincidindo

co debuxo da súa sección lonxitudinal, a penas velado por unha serie de bandas horizontais metálicas que xogan e se confunden co despezamento da carpintería.

O rectángulo do alzado principal é un gran escaparate aberto á paisaxe, que amosa o movemento e a acción do gran cofre de libros, coas circulacións principais expostas a través do peche de vidro. A forma desta extensa pel transparente queda perfilada pola superficie de formigón branco que pecha a biblioteca lateralmente, redondea as esquinas superiores e coroa o edificio cunha liña ondulada, subliñando a vontade monumental da peza e afirmando formalmente a súa contemporaneidade.

Álvaro Siza Vieira
1992-1994

- › Situación:
Rúa de Valle-Inclán
- › Visitas:
De martes a domingo, en horario do museo.



O edificio do Centro Galego de Arte Contemporánea foi situado na horta do convento de San Domingos de Bonaval. A proximidade da impresionante mole do convento e a súa igrexa condicionou fortemente o deseño do novo museo, do que é autor Álvaro Siza. A arquitectura de Siza, galardoado co premio Pritzker no 1992, caracterízase por un estreito vínculo entre o contorno e o novo edificio.

O edificio organiza o acceso ao convento, que acolle o Museo do Pobo Galego e a igrexa de Bonaval, na que se atopa o Panteón de Galegos Ilustres. O volume do CGAC compónse de dúas grandes pezas lonxitudinais macladas, nas que a súa violenta unión xera espazos complexos de intenso valor plástico e poético.

O edificio foi concibido, inicialmente, cunha pel exterior de mármore branco, decisión que non foi posible materializar ante as reticencias das autoridades encargadas da conservación

do patrimonio monumental galego. O museo rematouse en granito tostado, de forma que o seu volume se funde coa masa pétrea de Bonaval. Resulta moi interesante observar o conxunto desde os diferentes ángulos posibles e comprobar de qué forma está disposto o novo volume para non impoñerse nin ocultar o existente.

Os espazos interiores do museo, unificados polo mármore branco do pavimento, na planta baixa, e madeira de carballo nas superiores ofrecen percorridos, perspectivas e efectos de luz de gran beleza, ofrecendo estimulantes espazos para a exhibición das pezas artísticas contemporáneas.

A cuberta do edificio, unha gran terraza transitable, poboada por varios elementos volumétricos situados en diferentes planos conectados por ramplas, ofrece unhas vistas privilexiadas sobre a cidade de Santiago.



Parque de San Domingos de Bonaval

Álvaro Siza, Isabel Aguirre
1990-1994

- › **Situación:**
Rúa de Valle-Inclán
- › **Visitas:**
O parque permanece sempre aberto.



O parque de *San Domingos de Bonaval* completa o conxunto integrado polo convento e o novo *Centro Galego de Arte Contemporánea*. Álvaro Siza, autor do CGAC, coa colaboración de Isabel Aguirre, integrou os elementos existentes no gran recinto conventual, que inclúe un xardín medicinal, diferentes ruínas, unha carballeira e o cemiterio de Bonaval. Este grande espazo público dispón de elementos novos, como os muros de pedra que definen as rampas de acceso desde o museo, de xeito que parece que estiveron sempre alí, e mantén pezas existentes, como a traza do cemiterio, que resultan absolutamente novidosas.

En toda a minuciosa construción do parque respectáronse todas as pezas arborizadas, de gran porte, que subliñan a sensación de que o novo parque está marcado pola presenza dunha longa historia.

Os percorridos a través dos diferentes espazos do parque de Bonaval ofrecen unha gran variedade de vistas. Desde os seus camiños poden contemplarse os edificios históricos do conxunto conventual, a fermosa arquitectura



contemporánea do museo, a nostálgica traza do cemiterio e excepcionais perspectivas sobre a cidade de Santiago. Estes percorridos enriquecéanse coa presenza de varias pezas escultóricas, como as asinadas por Eduardo Chillida ou Leopoldo Nóvoa.

Siza e Aguirre evitaron encher o parque de mobiliario convencional. A ausencia de bancos, farois ou papeleiras de catálogo contribúen a reforzar a singularidade deste excepcional espazo.

**John Hejduk, Antonio Sanmartín,
Elena Cánovas, Leonardo Rietti
1993-2002**

- **Situación:**
Corredoira das Fraguas, 92
- **Visitas:**
A visita está suxeita aos horarios do centro.



John Hejduk é un dos autores imprescindibles na historia da arquitectura da segunda metade do século XX. A través do seu labor docente de arquitectura e deseño na Cooper Union de Nova York e da publicación dos seus textos teóricos, este arquitecto exerceu unha grande influencia desde os anos sesenta.

Entre as escasas pezas construídas por John Hejduk, Santiago conta cun pequeno centro sociocultural obra deste autor. A obra, realizada en colaboración co equipo de arquitectos formado por Antonio Sanmartín, Elena Cánovas e Leonardo Rietti, concluíuse trala morte do arquitecto neoriorquino, falecido no verán do ano 2000.

O edificio adapta educadamente o seu volume ao tecido existente, completando unha aguda esquina. As súas fachadas, con placas de pedra, presentan uns expresivos balcóns con groso tubo de aceiro, de cara á rúa, e unhas

violentas setas de aceiro, de sección cadrada, cravadas no plano do peche, cara ao recinto do convento de Belvís. Na esquina ábreanse, nas catro plantas do edificio, uns ocos horizontais con vidros que continúan a pechada curva coa que se resolve a esquina.

O teito da planta baixa está executado cunha lousa de formigón totalmente calada coas características formas da imaxinería de Hejduk. A *voda española* é o título do baixorrelievo que completa e incrementa o valor da fermosa obra de Hejduk no barrio compostelán da Trisca. Este edificio, coas torres de pedra e cristal levantadas na *Cidade da Cultura*, e inicialmente proxectadas para o parque de Belvís, fan de Santiago unha das cidades privilexiadas que contan con algunha das escasas obras construídas de John Hejduk.

César Portela, Arata Isozaki
1998-2000

» **Situación:**

Finca Simeón. Rúa das Galeras

» **Visitas:**

A visita está suxeita aos horarios de apertura do parque.



A Finca Simeón, situada nun bordo da cidade histórica, era propiedade dunha rica familia compostelá. A vivenda principal e a traza do parque responden ás formas típicas da arquitectura ecléctica do derradeiro terzo do século XIX.

A finca transformouse nun parque urbano, denominado Parque de Vista Alegre, mantendo o carácter do paisaxismo decimonónico da propiedade da familia Simeón. Mantivéronse trazado dos camiños, a topografía e boa parte do antigo arborado, así como numerosos elementos como pérgolas, estatuas ou balastradas. César Portela e o arquitecto xaponés Arata Isozaki realizaron o proxecto do parque e o planeamento que habería de permitir a edificación de diferentes pezas vinculadas á Universidade.

César Portela rehabilitou a vivenda principal, conservando o seu carácter, para dedicala a aloxamento de invitados da Universidade de

Santiago. Este edificio, denominado Casa Europa, converteuse na peza central dun conxunto que se foi conformando de acordo cun plan establecido. A Escola de Altos Estudos Musicais, deseñada por Antón García-Abril, e o Centro de Estudos Avanzados, de Portela, con volumes idénticos, foron os primeiros construídos. Máis tarde, e nos límites opostos da propiedade, construíronse a sede da Sociedad General de Autores, de García-Abril, e o Museo de Historia Natural, de Portela.

O planeamento urbanístico deste espazo verde compostelán conseguiu que un conxunto de pezas arquitectónicas de forte personalidade, e a paisaxe na que están inseridas, constitúan un todo integrado e coherente. No parque de Vista Alegre o deseño arquitectónico e o urbanístico sérvense mutuamente.



Antón García-Abril
1998-2001

- › **Situación:**
Finca Simeón. Rúa das Galeras
- › **Visitas:**
É preciso solicitar permiso á dirección do centro.



A Escola de Altos Estudos Musicais, un dos edificios universitarios construídos no interior da Finca Simeón, foi deseñada polo arquitecto madrileño Antón García Abril, fillo do famoso compositor do mesmo nome. Esta peza foi concibida como un gran cubo de pesadas pezas graníticas, de textura esgrevia, cortadas á contra, deixando á vista as marcas dos trades para os barrenos que rompen as lousas da canteira. A pesada mole do edificio apóiase no terreo axardinado, case sen tocalo, dispoñendo o acceso baixo un longo lintel metálico que permite que unha esquina da base do pesado volume flote sobre a suave ondulación do chan.

Os ocos, verticais e estreitos, cónfórmanse como pequenas fendas no pesado cerramento do edificio. A súa presenza dramatiza a forza das enormes pezas de granito, ao quedar definidas pola separación entre estas.

O interior está presidido por un baleiro que percorre toda a altura e conecta os diferentes

espazos. Este baleiro, de complexo volume, vaise pechando en sentido ascendente e queda bañado en luz, desde o lucernario disposto na cuberta plana. O revestimento interior, con paneis de madeira e pintura branca, ofrece un forte contraste coa áspera presenza do material no exterior.



Antón García Abril
2005-2007

- » **Situación:**
Finca Simeón. Rúa das Salvadas
- » **Visitas:**
<http://www.sgae.es/actualidad/agenda-cultural/agenda-cultural-santiago>



Tras a inauguración da Escola de Altos Estudos Musicais na Finca Simeón, Antón García Abril e o Ensamble Estudio recibiron o encargo de proxectar e construír, no mesmo recinto, a nova sede en Galicia da Sociedad General de Autores de España. O edificio proposto, cuxa construción comezou en febreiro de 2006, é unha espectacular peza lonxitudinal, apoiada nun dos límites da finca, que ofrece unha dobre cara en dirección ao interior e ao exterior do recinto amurallado: cara á rúa, o edificio amosa unha longa fachada convexa de vidro impreso, apoiada sobre o peche da finca; mentres que cara ao interior da finca Simeón, o edificio ofrece unha espectacular superficie, lixeiramente cóncava, de xigantescas pezas de granito engarzadas nunha estrutura metálica, xenerosamente calada. O gran tamaño, as formas irregulares e a posición inestable dos bloques de granito evocan a beleza e a poética das construcións megalíticas.

A sede da SGAE organiza o seu programa

nun sistema espacial complexo, definido por dous planos curvados dispostos en paralelo, o de vidro impreso e o das moles pétreas, entre os que se dispón unha fina membrana perfectamente tensa. Entre este plano interior e a pel de vidro dispónse todo o programa miúdo de despachos e áreas administrativas. Entre o mesmo plano e a fachada de grandes pedras ábrese en toda a altura e lonxitude do edificio un gran vestíbulo-pasillo de acceso. O auditorio, os espazos de formación e os laboratorios dispóñense no volume baixo rasante na finca e abertos cara á rúa das Salvadas.

A sede compostelá da SGAE é un exercicio arquitectónico de alto risco, cuxo resultado construído ofrece toda unha lección das posibilidades significativas e sensoriais da arquitectura contemporánea.



César Portela
2009-2011

► **Situación:**
Finca Simeón
► **Visitas:**
<http://www.usc.es/gl/servizos/museohn>



A antiga colección do Museo de Historia Natural da Universidade de Compostela, iniciada en 1840, alóxase nun novo edificio, deseñado por César Portela, situado un extremo do parque de Vista Alegre, delimitado polo río Sarela.

O edificio, de traza lonxitudinal e baixa altura, estrutura os seus espazos expositivos de acordo coas catro principais seccións do museo, que se dedican á zooloxía, botánica, xeoloxía e á antiga colección de dioramas, restaurados para a súa nova instalación.

O volume do museo concíbese como un agrupamento de cubos que, no seu conxunto, se percibe como un artefacto en movemento, ao irse aproximando ou separando entre si.

Toda a pel exterior do edificio de madeira, o que facilita a súa integración na paisaxe arborada do parque, e aporta ao edificio un significa-

do de lixeireza e transitoriedade. As superficies de vidro modulan a entrada de luz por medio de lamas horizontais de madeira, que, ademais de control da luz, desdébuxan os amplos ocos na continuidade do material que cobre as fachadas. A sensación de lixeireza que ofrece o museo acentúase coa solución do contacto do edificio co terreo, levemente separado do mesmo, como se flotase sobre o céspede do parque.

O espazo interior, de tons neutros e materiais moi liviáns visualmente, deseñouse para albergar as antigas colección do museo, ás que se sumarán as novas, coa suficiente flexibilidade para non condicionar a evolución futura dos seus contidos.



Víctor López Coteló
1998-2002

Situación:
Rúa do Carme de Abaixo

18

18A

18B

Nun dos extremos da cidade histórica, formando parte do complexo e suxestivo tecido no que se mesturan a presenza do urbano e do rural, sitúanse os restos dunha antiga explotación gandeira que o arquitecto Víctor López Coteló reconverteu nun conxunto de vivendas. Esta obra de arquitectura é exemplar polos seus resultados formais, pola integración do existente e o novo e pola solución aportada á recuperación das áreas dos límites do casco histórico.

O conxunto, fragmentado en varios volumes, dispónse sobre unha plataforma contida por un longo muro de pedra construído ao longo do leito do río Sarela. Este muro é o primeiro dunha serie completada por outros menores que conteñen o terreo, formando un relevo que descende en chanzos cara o río. Sobre estes planos dispóñense os volumes restaurados e de nova creación e os espazos axardinados a través dos cales se accede á vivendas.

As tipoloxías introducidas non responden a esquemas convencionais, primando as pautas

que axudan a integrar o conxunto no contorno formado polas pequenas rúas, a beira do río, a igrexa, ou o arborado existente.

O nivel de coidado e control do detalle, pouco habituais en promocións privadas de vivenda, son doadamente apreciables para o visitante, que pode observar a calidade desta obra arquitectónica na elección dos seus materiais, os acabados ou os pequenos detalles de deseño. Esta obra foi galardoada no 2003 co prestixioso premio da Bienal Española de Arquitectura.

Este mesmo arquitecto construíu posteriormente outros conxuntos residenciais similares nas súas características e excepcional calidade, como o da rúa Caramoniña (mapa, 18A), en contacto co peche do Parque de Bonaval, ou o situado en Ponte Sarela (mapa, 18B).



Peter Eisenman
1999-...

- › **Situación:**
Monte Gaiás s/n
- › **Visitas:**
Aberto ao público, programa de visitas guiadas.
<http://cidadedacultura.org>



En 1999 a Xunta de Galicia convocou un concurso internacional de proxectos para a construción da *Cidade da Cultura de Galicia*, un grande equipamento cultural cun vasto programa que incluía diversos museos, biblioteca, hemeroteca, teatro de ópera e centros de estudos e investigación.

O concurso desenvolveuse en dúas fases. Na primeira foron seleccionados doce equipos por medio dun concurso de méritos. Destes, cinco eran españois, os dirixidos por Ricardo Bofill, Santiago Calatrava, Manuel Gallego,

Juan Navarro Baldeweg e César Portela; un era alemán, o de Daniel Libeskind; dous franceses, encabezados por Jean Nouvel e Dominique Perrault; un holandés, Rem Koolhaas e OMA; outro suízo, o de Annette Gigon e Mike Guyer; e, por último, dous norteamericanos, Steven Holl e Peter Eisenman, que foi o gañador.

Eisenman propuxo un conxunto topográfico no que as onduladas cubertas dos diferentes edificios aparecen como o relevo do monte Gaiás, sucado por profundas gretas polas que se circula e accede aos diferentes volumes. A





escala do conxunto é formidabile. Os oito edificios concibidos orixinalmente quedan contidos nun perímetro con forma de cuncha de vieira, cuxa superficie iguala ao casco histórico da cidade de Santiago de Compostela.

O mecanismo compositivo dos edificios do monte Gaiás é complexo, no que o seu autor utiliza, ao mesmo tempo, referencias formais figurativas e abstractas. Os edificios concíbense como fragmentos quebrados dunha topografía ferida, á maneira do *Grande Cretto* que o escultor italiano Alberto Burri construíu, entre 1985 e 1989, cos restos da cidade de Gibellina, en Sicilia, tras ser abandonada por un terremoto. Eisenman utiliza unha serie de tramas xiradas: as dos principais son a de 16x20 metros, que dispoñen os grandes piares estruturais, e a de 8x8 metros na que se sitúan os soportes das construcións baixo as cubertas; estas están definidas por outras dúas tramas tridimensionais, chamadas "liñas de fluxo" e "liñas de deformación", xeradas dixitalmente. O



soporte compositivo complétase coa traza das principais rúas compostelás, alteradas na súa escala e superpostas á trama do deseño, como as "gretas" que separan os edificios e a través das que se circula. As tramas superpóñense e xíranse, manifestándose no deseño de espazos, cubertas, pavimentos ou despezos de carpinterías.

Os volumes exteriores e interiores non coinciden, transformándose as fluídas liñas topo-



gráficas do exterior en xeometrías quebradas interiores, cun importante volume pechado sobre os falsos teitos que conteñen, con amplitude, as estruturas de cuberta e as instalacións.

Eisenman propuxo, unha vez comezadas as obras, render un homenaxe ao seu compatriota John Hejduk, integrando na *Cidade da Cultura* dúas torres proxectadas polo desaparecido arquitecto para que se erixiran en Belvís como parte de un proxecto de xardín botánico. Estas pezas, colocadas nun extremo do conxunto, lembran no seu perfil e relación coa masa edificada, a silueta da catedral con respecto á cidade, aportando un valor figurativo de gran peso.

A Cidade da Cultura de Galicia, debido á súa escala e elevado custo, estivo acompañada ao longo da súa construción por un intenso debate social e cultural. O destino de cada unha das pezas previstas, incluso o número das mesmas, así como a complexa relación de acceso entre a cidade e o recinto, veñen sufrindo reformula-



cións e modificacións sobre a proposta inicial, cuxa potencia e singularidade resiste e absorbe estes cambios.

Centro Sociocultural de Conxo

Alfonso Penela
1989-2002

› Situación:
Praza de Aurelio Aguirre

› Visitas:
O edificio está aberto ao público, salvo algunhas dependencias que, pola actividade que se realiza nelas, non é posible visitar.



O centro sociocultural deseñado por Alfonso Penela, un arquitecto caracterizado pola solvencia coa que manexa solucións formais experimentais, sitúase fronte á imponente fachada barroca do Convento de Conxo, hoxe hospital psiquiátrico. O obrigado diálogo entre o edificio histórico e o pequeno equipamento sociocultural abordouse con ousadía, ao tratar a nova construción como un elemento abstracto, complexo e fragmentado.

O conxunto componse do centro cultural e dunha gardería que se construíu máis tarde. O conxunto queda definido por unha serie de panos de peche, de pedra na súa planta baixa e de cristal na superior, que se pregan e xiran sen lei aparente, quedando cubertos por unha serie de planos inclinados, independentes e solapados, cuxa superficie excede á do recin-

to pechado de forma que, apoiados nuns finos soportes de tubo de aceiro pintados de branco, xeran un pórtico cheo de movemento que vai ocultando e revelando, no percorrido ao seu través, a presenza do grande edificio conventual. A complexa cuberta é concibida como un paraugas que parece flotar, independente do volume, fragmentado e cheo de movemento, das dependencias que acubilla.

O contraste de continuos termos contrarios (pesado-lixero, uniforme-fragmentado, escuro-claro, plano-pregado) é o que permite que o resultado de enfrontar unha forma intencionalmente contemporánea a un nobre conxunto monumental resulte tan feliz e tamén tan interesante.



**Xosé Manuel Casabella, Josep
María de Arenaza y Joaquín Pujol
1991-1996**

› **Situación:**

Rúa Diego Bernal

› **Visitas:**

O edificio está aberto ao público na celebración de espectáculos deportivos ou culturais.



Co edificio Multiúsos Fontes do Sar a cidade conta cun equipamento capaz de acoller grandes acontecementos deportivos ou concertos multitudinarios. Para resolver esta necesidade, os arquitectos Casabella, Arenaza e Pujol proxectaron un gran cilindro composto por estratos que desde a base e en sentido ascendente serían, en primeiro lugar, un zócolo que absorbe as irregularidades do terreo, logo unha banda de cristal que forma unha galería perimetral, séguelle o corpo macizo, forrado en pedra, totalmente cego que flota sobre a franxa de vidro inferior e, por último, os volumes quebrados dos lucernarios da cuberta que coraan o edificio.

A espectacular estrutura que cobre o edificio está resolta con cerchas de madeira laminada, atirantadas por cables metálicos, que salvan unha distancia máxima, sen apoios, de noventa metros. Sobre elas, as franxas de cristal dos lucernarios introducen unha gran cantidade de luz natural no interior do espazo.



A presenza do gran volume do edificio trátouse, na súa relación coa cidade, como unha peza singular illada no medio dunha ampla zona verde, delimitada polo bordo de crecemento, comprendido entre a vía do tren e a pendente do monte no que se constrúe a Cidade da Cultura de Peter Eisenman. Este parque urbano, presidido polo Multiúsos, desenvólvese lonxitudinalmente en torno ao leito do río Sar, nun lugar natural de gran beleza e significado.

Alberto Noguerol e Pilar Díez
1991-1995

- » Situación:
Rúa de Miguel Ferro Caaveiro
- » Visitas:
A entrada ao edificio está reservada aos participantes dos congresos.



Cando se proxectou o *Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia*, a súa localización era unha zona no bordo da cidade, con grandes áreas baleiras, nun conxunto que presentaba unha certa desorde. Este grande edificio sitúase no terreo dando as costas á vía de acceso e abrindo o seu pórtico cara ao interior do recinto. Esta disposición é só unha das sutís e intelixentes ambigüidades que este edificio ofrece ao espectador. A súa contundencia formal e a súa claridade funcional revelan ao observador atento todo un rico mundo de segundas lecturas.

O edificio concíbese como un gran prisma baixo, pechado por grandes pezas de formigón prefabricado, situando no seu centro dous grandes auditorios de escenarios enfrontados que se aloxan nun segundo prisma forrado en pedra. Este volume sobresaie por riba da envolvente exterior caracterizando a silueta do edificio. Arredor deste volume, contido dentro do perímetro exterior do edificio, xérase un gran baleiro, que funciona como *ambigü* dos auditorios. Todas as salas de reunións de menor

tamaño, a cafetería e os diversos despachos sitúanse nos laterais maiores do rectángulo da planta.

Os elementos interiores deséñanse con contundencia e elegancia, utilizando exclusivamente a cor natural dos diferentes materiais: pedra con vetas, metal, madeira...

A rigorosa xeometría que organiza o deseño do conxunto, e de cada un dos seus elementos menores, é alterada sutilmente nun proceso de traballo a través do que se obtén un dos signos característicos da arquitectura de Noguerol e Díez: facer sinxelo o difícil.



Andrés Perea
1998-2000

- › **Situación:**
Rúa da Vesada
- › **Visitas:**
É preciso un permiso especial para visitar os edificios do complexo.



Na área de San Lázaro, fronte ao edificio do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, Andrés Perea proxectou un expresivo conxunto de edificios de servizos administrativos, de formas curvas, unidos por un axardinamento, que inclúe estanques, áreas de céspede e vías de formas triangulares.

Os edificios máis pequenos acollen as dependencias do *Instituto Galego de Promoción Económica* (IGAPE) e do *Instituto Galego de Estatística* (IGAES). O *Servizo Galego de Saúde* (SERGAS) ocupa unha gran peza lonxitudinal e expresivamente arqueada en planta, que domina a totalidade do complexo.

Toda as pezas edificadas identifícanse como integrantes dun conxunto por unha serie

de trazos comúns, como son a forma dos seus ocos, sempre horizontais, o formigón branco das súas fachadas ou as formas curvas dos seus volumes. Sen embargo, cada unha das pezas posúe diversos trazos que a singulariza, introducindo elementos de orientación e significado no conxunto.

É de especial interese o encontro dos edificios co chan e o tratamento deste. As láminas de auga triangulares reflicten as fortes imaxes dos edificios multiplicando a súa presenza. Os pequenos edificios cilíndricos teñen unha estreita liña iluminada artificialmente no contacto co plano do chan que produce o efecto, ao seren contemplados de noite, de máxica levitación.

Ordenación do Monte do Gozo

**José Antonio Franco Taboada,
Celestino García Braña, Alfonso
Penela, Iago Seara Morales
1992-1993**


- » **Situación:**
Monte do Gozo
- » **Visitas:**
Os edificios son doadamente
accesibles para a súa visita.



Monxoi, o Monte Gaudii, o Monte do Gozo, é a antesala da cidade de Santiago para os peregrinos. O cumo de 368 metros de altura é o punto do Camiño Francés desde o que se divisan, por primeira vez, as torres da Catedral. Con ocasión do Ano Santo de 1993, a Xunta de Galicia abordou unha serie de actuacións nesta área para conformar todo un conxunto de equipamentos e servizos dirixidos aos peregrinos. Os 600.000 metros cadrados ordenáronse en catro zonas construídas, unidas por axardinamento e vías. Estas pezas son un

cámping, encargado a Celestino García; a zona residencial, deseñada por José Antonio Franco; o Auditorio, de Alfonso Penela; e o Centro Europeo de Peregrinación e Pastoral Xuvenil, do que é autor Iago Seara.

Todas as pezas construídas péganse ao terreo, intentando fundirse con el. Así, as cubertas dos numerosos pavillóns da área de acollida, dos edificios do cámping e dos volumes do Centro de Peregrinación son de cobre, que ao oxidarse presenta unha cor verde pálida, mimitizándose cos edificios e as áreas axardinadas.



O auditorio sinala o seu perímetro cunha serie de pequenas construcións auxiliares, de pedra de aspecto rústico e aceiro oxidado, dispostas en diferentes posicións xiradas para evitar o trazado dun peche continuo, que, co tamaño do recinto, non podería conciliarse co carácter aberto e brando da actuación.

Algunhas das pezas deben sinalarse pola súa singularidade, como a capela do Centro de Peregrinación, íntima e poética, ou os tres volumes de aseos e lavanderías do cámping, cunha presenza que serve como elemento de

referencia e orde, cos seus grandes lucernarios quebrados coroando o seu volume de formigón cego.

Alfredo Freixedo Alemparte
1999-2002

- » Situación:
Rúa San Lázaro
- » Visitas:
En horario de oficina (de 8.00 a 15.00 h, coas limitacións propias do seu uso administrativo).



Este edificio administrativo, sede da Consellería de Medio Ambiente, é o resultado dun concurso arquitectónico cuxo primeiro premio recaeu na proposta do arquitecto Alfredo Freixedo. Concibido como un prisma rotundo, este edificio recolle a tradición ortodoxa do Movemento Moderno para construír un espazo de traballo eficaz e neutro. Un corpo prismático alongado, cos núcleos de comunicación e servizos nos extremos, dispón, en cada unha das súas tres plantas, de dúas bandas, abertas ás fachadas maiores e a un patio alongado central con vocación de claustro. En cada una destas áreas de traballo é posible modificar as súas divisións para adaptalas ás múltiples esixencias de uso ás que está suxeito un edificio destas

características. A cuberta plana, as fiestras corradas e a austeridade formal completan esta adscrición á modernidade.

A pel do edificio, tanto nas súas fachadas exteriores como nas interiores, é de aceiro corten, material frecuentemente utilizado por Freixedo. A inconfundible textura e a cor do metal oxidado dotan ao edificio dunha presenza singular, que transforma a súa aparencia neutra e abstracta nun dos fitos visuais máis destacados do último tramo do percorrido do Camiño Francés, a cuxo bordo se sitúa.



Manuel Gallego Jorreto
2002

- › **Situación:**
Monte Pío
- › **Visitas:**
O edificio, rodeado dun parque público, non admite visitas.



Esta obra, concibida como a residencia oficial do Presidente da Xunta de Galicia, sitúase na periferia da cidade, nun ambiente de límite impreciso entre o rural e o urbano, habitual en Compostela.

O arquitecto Manuel Gallego, galardoado co Premio Nacional de Arquitectura en 1997, enfrontou o reto de propoñer cómo debía ser a residencia dun presidente no inicio do século XXI. A resposta evitou os recursos tradicionais da expresión de poder, para centrarse nos significados ligados a unha interpretación da cultura galega desde a contemporaneidade.

Manuel Gallego actuou no outeiro do Monte Pío, nunha superficie aproximada de 5 hectáreas, situando no cumio a residencia rodeada dun parque público, en no que se produce un gradación de intimidade, desde a base ata os grosos muros de pedra que delimitan o recinto do complexo residencial. Esta modulación

conséguese a través o deseño paisaxístico, sen elementos de peche evidentes.

O perfil do Monte Pío está escavado na súa parte superior, para instalar os diferentes planos nos que se apoia o edificio. O perfil do construído asimilase á topografía orixinal e ábrese cara á cidade, que na súa fachada oeste ofrece a imponente presenza das torres da Catedral.

O que se percibe como un elemento paisaxístico na media distancia, unha banda pétrea quebrada e adaptada á topografía, percíbese desde o interior do recinto privado como unha secuencia de planos, abertos á paisaxe, nos que a madeira, a pedra e o vidro compoñen elementos fragmentados, dunha escala amable e dunha contemporaneidade sosegada.



Andrés Reboredo
1987-1988

» **Situación:**

Rúa do Hórreo

» **Visitas:**

Salvo autorización expresa, non están permitidas as visitas ao público.



En 1987 Andrés Reboredo obtén o primeiro premio nun concurso convocado para seleccionar o proxecto que transformaría o Cuartel do Hórreo no Parlamento de Galicia. O gran edificio militar que se rehabilita posúe unha planta rectangular, coas esquinas resaltadas por corpos saíntes e de maior altura. No seu centro existe un único patio, en torno ao que discorren todas as circulacións. Exteriormente o edificio a penas amosará cambios substanciais, mantendo a súa severa fachada, con excepción da construción dunha magnífica reixa de aceiro corten composta por pezas exentas, colocadas de canto, altas e agudas, que permiten ver o exterior do edificio, en visión frontal, pero que en escorzo se converten nun muro opaco coa cor singular e a textura singulares do metal oxidado.

Todos os usos e dependencias atopan o seu acomodo no interior do grande edificio existente, agás o salón de plenos, corazón funcional e simbólico do Parlamento, que se dispón como unha caixa branca no centro do patio central, conectada co corpo de acceso. Este novo volu-

me está sostido por unha retícula de finos piares metálicos, tamén brancos, que liberan a súa conexión co chan, permitindo a continuidade do espazo axardinado do patio. O interior deste salón de plenos está totalmente forrado de madeira. Con este material e grandes formas curvas, coas que se deseñan a disposición dos bancos, a bóveda de lamas do teito e o oco que se abre trala tribuna, créase un ambiente á vez solemne e acoledor, axeitado para o debate político.

A última intervención no edificio para a que foi solicitada a participación do seu arquitecto foi a ampliación de despachos para parlamentarios. A solución foi a disposición dun edificio soterrado, conectado co principal e aberto a pequenos patios arborados, como as oficinas soterradas da sede da UNESCO en París.

**Joaquín Fernández Madrid e Pedro
R. Iglesias Pereira**
1992-1994

- › **Situación:**
Rúa de Oslo
- › **Visitas:**
Salvo autorización expresa, non
están permitidas as visitas ao
público.



A sede da Policía sitúase nunha parcela na zona máis alta do Polígono das Fontiñas, un novo barrio compostelán do tamaño do casco histórico da cidade. O edificio aproveita as condicións do terreo, con forte pendente, para resolver o seu programa con dous volumes contrapostos: un zócolo, nunha única planta, en torno a un patio cadrado, e un prisma rectangular, colocado na parte máis alta do terreo, sobre o edificio-zócolo.

As dúas pezas, co contrapunto dunha esvelta torre de telecomunicacións en metal branco, establecen un diálogo entre contrarios. O zócolo é macizo e cego, forrado en pedra e aberto cara ao patio, que en todo momento queda oculto desde a rúa. O prisma, colocado na parte máis alta da parcela, sobre o zócolo, aparece lixeiro, cun acabado de metal gris e numerosos ocos. É este volume o único que percibe un observador pouco atento, quedando reducido o edificio a ese bloque livián. Esta decisión de proxecto simplifica a imaxe da sede policial, ocultando unha parte substancial dos seus espazos e transformando toda a súa riqueza



organizativa na imaxe simplificada dun prisma lixeiro apoiado sobre un zócolo macizo.

Desde a entrada principal ao edificio é posible entender, unha vez franqueado o control de acceso, a organización espacial do conxunto. Desde o espazo do vestíbulo quedan á vista o patio, as circulacións no seu perímetro e as escaleiras e elevadores, por medio dos cales se accede ás plantas superiores do prisma metálico.

Escola Galega de Administración Pública

Carlos Meijide Calvo
1995-1996

- » **Situación:**
Rúa de Londres
- » **Visitas:**
Salvo autorización expresa, non están permitidas as visitas ao público.

29



Na ordenación reticular das Fontiñas, nunha das pezas cadradas, delimitadas por rúas paralelas e perpendiculares, Carlos Meijide proxectou a Escola Galega de Administración Pública. Este edificio é un severo prisma, forrado de pedra calcaria, con cuberta plana, a penas animado polos ocos delimitados pola carpintería metálica de cor gris escura e algunha pasarela da mesma cor, que serve ao seu mantemento e limpeza. No centro do edificio ábrese un patio cadrado, como se dun sobrio espazo convencional se tratase. O peche cara a este patio, unha tensa pel de vidro, permite entender o funcionamento do edificio, que se revela tan rico e complexo desde este baleiro interior, como hermético e compacto desde o exterior.


Desde o patio interior descóbrese a verdadeira natureza do complexo: en realidade trátase de catro edificios concibidos, cada un deles, como un prisma, que se van colocando

ata formar as catro fachadas do conxunto. Así, o corpo oeste está destinado ás tarefas administrativas do centro, cun despece complexo de despachos e espazos de traballo. A zona sur alberga os espazos singulares, como a sala de exposicións ou a biblioteca e o salón de actos, estes dous últimos dispostos a dobre altura. No corpo leste sitúanse as aulas e seminarios, cun xeneroso espazo de relación paralelo á pel de vidro aberta ao patio. Por último, o volume norte está dedicado á residencia de estudantes, cos dormitorios, comedores e zonas de estar. Toda esta clara orde funcional, unha vez visualizada desde o patio, permite entender as sutís diferenzas de ocos nas sobrias fachadas exteriores, que desde ese momento adquiren outro significado.



Iago Seara
1994-2007

› Situación:
Rúa Moscova
› Visitas:
En horario de culto.



O complexo proxectado construíuse en dúas fases por esixencias de presuposto. Nun primeiro momento construíronse a Capela Bautismal, concibida como a entrada ao conxunto, e unha serie de locais sociais debaixo dela. Máis tarde, ata chegar á súa consagración en 2007, erixíronse o templo e máis espazos sociais para uso parroquial.

As características da parcela, cunha acusada pendente, traza cadrada e situada na parte alta do barrio das Fontiñas, resólvense dispoñendo unha plataforma sobre a que se sitúan os diferentes volumes proxectados, cunha clara vontade monumental, diferenciándose claramente do contorno construído. Sen embargo, malia a singularidade das súas formas, a relación de escala que o edificio relixioso mantén coas construcións veciñas consegue que a súa presenza teña un carácter silencioso e recollido, nunha conxugación ben resolta entre as formas contemporáneas e os elementos tipolóxicos tradicionais, como o adro de acceso ou o campanario.

A auga, a luz e a vexetación utilízanse positivamente cun forte sentido simbólico, ligado á liturxia. Estes materiais naturais lense



sobre o fondo neutro das texturas e cores dos materiais de construción dominantes, como a pedra, o formigón e a madeira.

A porta principal da igrexa, obra do escultor Ignacio Basallo, concibiuse como un elemento plástico de forte presenza. O seu tratamento híbrido como unha peza pictórica e escultórica protagoniza e caracteriza o espazo exterior do templo. Durante o tempo en que esta peza se abre, queda incorporada aos límites do recinto como un relevo mural.



<http://www.santiagoturismo.com/>

Visite *santiagoturismo.com* para atopar as ligazóns aos sitios web
das institucións que administran os edificios.



Os arquitectos mencionados como autores dos edificios
son só os seus arquitectos principais.

